



I xuntanza do COMITÉ ASESOR ACADÉMICO EXTERNO (CAAE) do Proxecto do Censo estatal de Vítimas do Golpe, da Guerra e da Ditadura (1936-1977)

O próximo martes día 7 de outubro terá lugar en Madrid a I xuntanza do Comité Asesor Académico Externo (CAAE) do proxecto CENOMI (Nomes, Noms, Nombres, Izenak) formado por especialistas de recoñecido prestixio historiográfico na violencia golpista, a guerra e o exilio e a ditadura. A súa función é a de servir de sustento metodolóxico e conceptual crítico nas decisións operativas do proxecto.

A reunión será inaugurada polo Ministro de Política Territorial e Memoria Democrática, Sr. D. Ángel Víctor Torres, o Secretario de Estado de Memoria Democrática, Sr. D. Fernando Martínez López, e o responsable da Investigación, o Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, Lourenzo Fernández Prieto.

Sobre o Proxecto de **Censo estatal de Vítimas do Golpe, da Guerra e da Ditadura**

O proxecto nace ao abeiro do convenio asinado entre a Secretaría de Estado de Memoria Democrática e do Grupo HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun Censo Estatal de Vítimas, en cumprimento do mandato da vixente Lei de Memoria Democrática

CENOMI: NOMES, NOMS, NOMBRES, IZENAK incluír a todas as persoas que foron vítimas mortais da violencia exercida a partir do Golpe de Estado de 1936 e ata o final do ano 1939 nesta primeira fase. O equipo principal que levará a cabo esta tarefa está instalado no CISPAC, Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais, das tres universidades galegas (USC, UdC e UVigo). Está dirixido polo Catedrático de Historia Contemporánea da USC, Lourenzo Fernández Prieto e o Doutor en Historia Contemporánea da USC Antonio Miguez Macho, a coordinación corre a cargo da doutora en Historia Contemporánea Cochi López Sánchez.

O proxecto constrúese sobre a metodoloxía de investigación histórica: crítica e análise de fontes, valoración cualitativa e cuantitativa da información e heurística. Tecnicamente, emprega a plataforma «Dédalo», un sistema informático de xestión e difusión da información do patrimonio cultural cunha acreditada traxectoria de máis de vinte anos de experiencia que o avala. Neste soporte traballa directamente o equipo de CENOMI para rexistrar a información derivada da busca de vítimas mortais no período que vai de xullo de 1936 a decembro de 1939. Como resultado da indagación, definindo a trazabilidade das fontes, a garantía de contraste das mesmas e o método de validación dos nomes, xeramos unha relación nominal de vítimas que inclúe, ademais —cando é posible—, múltiples datos biográficos das persoas identificadas: idade; profesión; lugar de nacemento, veciñanza, defunción...; ou tipo de suceso violento polo que foron vítimas.

Os membros do CAAE son:





Alejandro Pérez Olivares (ULL), Ángel Luis López Villaverde (UCLM), Ángela Cenarro Lagunas (UNIZAR), Antonio Rivera Blanco (EHU), Bechir Yadizi (ISHMN-Túnez), Candela Chaves Rodríguez (UNEX), Carlos Gil Andrés (investigador), Carmen García García (UNIOVI), Enrique Berzal de la Rosa (UVA), Fernando Del Rey Reguillo (UCM), Francisco Acosta Ramírez (UCO), Francisco Espinosa Maestre (Investigador), Francisco Sevillano Calero (UA), Francisco Villamil Fernández (UC3M), Gemma Domenech Casadevall (UdG), Gustau Nerín (UAB), Gutmaro Gómez Bravo (UCM), Jaume Claret Miranda (UOC), Javier Rodrigo Sánchez (UAB), Jon Mirena Landa (EHU), Jordi Guixé i Corimines (UB), J. Javier Rodríguez González (UNILEÓN), José Luis Ledesma Vera (UCM), José Miguel Gastón Aguas (INM), Josep Calvet Bellera (MM), Juan L. Pan Montojo-González (UAM), Laura Muñoz Encinar (CSIC), Magdalini Fytli (UCM), Manuel Ortiz Heras (UCM), M. Á. del Arco Blanco (UGR), Queralt Solé Barjau (UB), Ricard Conesa Sánchez (UNED), Santiago M. López García (USAL), Verónica Sierra Blas (UAH), Zoe Mara Mae de Kerangat (UNED).

O proxecto ademais conta tamén cun Consello Asesor Académico Interno formado pos historiadores/as de longo percorrido en proxectos co resto do equipo desde nomesevoces e familiarizados coa xestión e definición dos censos de vítimas. Os seus membros son:

Ana Cabana Iglesia (USC), Andrés Domínguez Almansa (USC), Daniel Lanero Táboas (USC), Dionisio Pereira González (investigador), Eduardo Rico Boquete (USC), Emilio Grandío Seoane (USC), José Ramón Rodríguez Lago (UVIGO), Julio Prada Rodríguez (UVIGO), Ramón Villares Paz (USC).

Datos da Xuntanza:

Madrid, 7 de outubro de 2025

Palacio de la Condesa de Adanero. Calle de Sta Engracia, 7. 28010 Madrid

Horario: 15:30 a 20:00

Máis información:

histagra@usc.es

